



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 12 de febreiro de 2026, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamentos considerados de alto impacto, sanitario, social e económico:

ENTRECTINIB - LAROTRECTINIB

Para o tratamento en monoterapia de pacientes adultos e pediátricos, con tumores sólidos que teñen unha fusión do gen do receptor da tirosina quinasa neurotrófico (NTRK),

- que teñen unha enfermidade localmente avanzada, metastásica ou onde é probable que unha resección cirúrxica provoque unha morbilidade severa
- que non recibiran previamente un inhibidor de NTRK
- que non teñen opcións terapéuticas satisfactorias

Ademais os pacientes deben cumprir os seguintes criterios:

- 1.- Presentar unha fusión do gen NTRK, confirmada por unha técnica molecular (como por exemplo NGS baseada en RNA, NGS baseada en DNA, PCR ou FISH)
- 2.- Esperanza de vida ≥ 3 meses
- 3.- Ausencia de comorbilidades que desaconsellen o uso
- 4.- Boa adherencia ó tratamento.

Outras consideracións:

- Administrarase ata progresión ou toxicidade inaceptable.
- **A selección** do tratamento entre **entrectinib** e **larotrectinib** basearase fundamentalmente en criterios de eficiencia, tendo en conta que entrectinib **é unha opción preferente** en pacientes con **metástases cerebrais** ou risco de progresión a ese nivel.

Esta resolución e comunicada nesta data a Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Santiago de Compostela (data e sinatura dixital na marxe)

Xerentes da Áreas Sanitarias do Servizo Galego de Saúde